



## [Gal/Cast] CNT demanda al Ayuntamiento de Cangas por discriminación por razón de sexo

---

CNT GALIZA :: 29/06/2020

Desde la CNT consideramos inadmisibile este tipo de trato y discriminación por razón de sexo

### Galego

***O Concello de Cangas realiza contratos temporais para tarefas que son de caracter estrutural, habitual e permanentes Os postos cubertos para a limpeza do Concello, ocupados maiormente por mulleres, cúbrense con contratos de 6 meses, mentres que os postos de peón de obras ou peón de limpeza viaria, maioritariamente realizados por homes, non teñen esta temporalidade.***

**A CNT denuncia a temporalidade e precariedade dos traballadores e, especialmente, das traballadoras do Concello de Cangas.** Os representantes públicos desta localidade realizan contratos temporais para postos de traballo que desenvolven tarefas habituais, estruturais e permanentes. Deste xeito, cométese un fraude de lei na contratación mediante contratos eventuais por circunstancias da produción que en realidade deberían ser contratos fixos.

Con todo, esta fraude na contratación non ten a mesma repercusión en todo o persoal público. **Os incumprimentos son especialmente flagrantes para as traballadoras do servizo de limpeza do Concello.** Neste caso, os seus contratos están absolutamente delimitados a 6 meses. Unha vez rematado este periodo, deben acudir de novo a unha bolsa de traballo e esperar a ser chamadas outra vez. No caso dos peóns de limpeza ou peóns de obra, a pesar de asinar contratos temporais, estes non están suxeitos a un periodo de tempo tan breve. Así, «*este persoal laboral temporal goza dunha maior estabilidade no emprego, dende o momento no que non se dispón dunha lista de chamamentos temporais para a súa cobertura*». **Incúrese aquí, por tanto, nunha discriminación indirecta no modo de contratación.**

Ademais desta primeira discriminación, **as traballadoras do Concello teñen que asumir unha diferenza salarial que as sitúa dez anos por detrás dos empregados de limpeza da vía pública.** Mentres que o persoal do servizo de limpeza viaria está encadadro nun nivel 14, o persoal de limpeza do Concello soamente alcanza o nivel 12. A cantidade económica percibida polas traballadoras do servizo de limpeza do Concello é exactamente a mesma que a percibida polos empregados do servizo de limpeza no ano 2010. Incurre aquí o Concello nunha discriminación indirecta na retribución salarial.

Dende a CNT consideramos inadmisibile este tipo de trato e discriminación por razón de sexo. Por este motivo, estaremos o vindeiro 4 de xullo en Cangas nun acto público explicando os incumprimentos do goberno municipal para que a clase traballadora conte coa información necesaria.

## Castellano

***El Ayuntamiento de Cangas realiza contratos temporales para tareas que son de carácter estructural, habitual y permanentes. Los puestos cubiertos para la limpieza del Ayuntamiento, ocupados mayormente por mujeres, se cubren con contratos de 6 meses, mientras que los puestos de peón de obras o peón de limpieza viaria, mayoritariamente realizados por hombres, no tienen esta temporalidad.***

**La CNT denuncia la temporalidad y precariedad de los trabajadores y, especialmente, de las trabajadoras del Ayuntamiento de Cangas.** Los representantes públicos de esta localidad realizan contratos temporales para puestos de trabajo que desenvuelven tareas habituales, estructurales y permanentes. De esta forma, se comete un fraude de ley en la contratación mediante contratos eventuales por circunstancias de la producción que en realidad deberían ser contratos fijos.

Sin embargo, este fraude en la contratación no tiene la misma repercusión en todo el personal público. **Los incumplimientos son especialmente flagrantes para las trabajadoras del servicio de limpieza del Ayuntamiento.** En este caso, sus contratos están absolutamente delimitados a 6 meses. Una vez acabado este periodo, deben acudir de nuevo a una bolsa de trabajo y esperar a ser llamadas otra vez. En el caso de los peones de limpieza o peones de obra, a pesar de firmar contratos temporales, estos no están sujetos a un periodo de tiempo tan breve. Así, *“este personal laboral temporal goza de una mayor estabilidad en el empleo, desde el momento en el que no se dispone de una lista de llamamientos temporales para su cobertura”*. **Se incurre aquí, por tanto, en una discriminación indirecta en el modo de contratación.**

Además de esta primera discriminación, **las trabajadoras del Ayuntamiento tienen que asumir una diferencia salarial que las sitúa diez años por detrás de los empleados de limpieza de la vía pública.** Mientras que el personal del servicio de limpieza viaria está encuadrado en un nivel 14, el personal de limpieza del Ayuntamiento solamente alcanza el nivel 12. La cantidad económica percibida por las trabajadoras del servicio de limpieza de edificios públicos del Ayuntamiento es exactamente la misma que la percibida por los empleados del servicio de limpieza viaria en el año 2010. Incurre aquí el Ayuntamiento en una discriminación indirecta en la retribución salarial.

Desde la CNT consideramos inadmisibles este tipo de trato y discriminación por razón de sexo. Por este motivo, estaremos el próximo 4 de julio en Cangas en un acto público explicando los incumplimientos del gobierno municipal para que la clase trabajadora cuente con la información necesaria

---

<https://galiza.lahaine.org/gal-cast-cnt-demanda-al>